

A Guarda, a 26 de maio de 2023

O Concello da Guarda organiza os días 30 de xuño, 1 e 2 de xullo a **Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira** na súa XXXI edición. Como nas anteriores edicións a rúa da Porto acollerá a **Feira de Artesanía** na programación da festa **os días 1 e 2 de xullo**.

**A continuación defínese a organización da feira coas esixencias que serán de obrigado cumprimento:**

- 1) Tan só poderán participar postos de artesanía. Non se aceptan postos de revenda ou de segunda man.
- 2) A participación é gratuíta para o artesán.
- 3) É obrigatorio participar os dous días: 1 e 2 de xullo.
- 4) O horario deberá ser respectado por todos os participantes. O posto deberá estar montado ás 11:00 e poderase desmontar a partir das 20:00 horas. No caso de choiva non se esixirá cumprir este horario.
- 5) A organización pode solicitar a carta de artesán a aqueles interesados que así o considere. Para axilizar a organización recoméndase remitir a copia da carta de artesán ou ben xustificar por que non se ten.
- 6) **O Concello será o responsable da elección dos artesáns e trasladarase a aceptación ou rexeitamento.** Como nas edicións anteriores valorarase a aqueles artesáns que xa participaran na edición pasada. Excluiranse aqueles que incumprisen as bases.
- 7) **O Concello facilita un stand de dous metros a cada artesán e non se poderá mover do lugar indicado pola organización. Non se pode aumentar o espazo,** deste xeito procúrase que todos os stands teñan un tamaño e aspecto semellante. Non haberá luz artificial.
- 8) O posto será acondicionado polo artesán. É obrigado colocar no fronte o cartel anunciador da festa gastronómica (repartirase o a cada artesán no primeiro día da feira).
- 9) O persoal responsable da Feira encontrárase na carpa da Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira para atender calquera dúbida ou problema que xurdira durante a feira.
- 10) A recepción deste escrito non implica a participación na feira de artesanía.
- 11) Persoa de contacto: Rosalía (Oficina de Turismo) no tel. 620.795.901. Este mesmo teléfono de contacto para os días da feira:
- 12) O Concello da Guarda como organizador pode modificar as condicións sendo comunicadas previamente ós artesáns.
- 13) A participación na feira implica a aceptación das presentes bases.

**Para solicitar a participación na Feira de Artesanía da Festa da Langosta de da Cociña Mariñeira:**

-Remitir a solicitude cumprimentada completa a [turismo@aguarda.es](mailto:turismo@aguarda.es) xunto coa documentación.

**-Prazo de entrega das solicitudes: do luns 29 de maio ao venres 2 de xuño de 2023**